

**ANEXO 2**  
**Calendario das probas**

Prazos	Datas
Prazo presentación solicitudes	29 de maio
Lista provisional de admitidos	9 de xuño
Presentación de alegacións	10 a 12 de xuño
Lista definitiva de admitidos	23 de xuño
Realización das probas Competencias clave de nivel 2 Competencias clave de nivel 3	2 e 3 de xullo 9 e 10 de xullo
Resultados provisionais das probas	17 de xullo
Presentación de reclamacións	19 a 21 de xuño
Resultados definitivos das probas	30 xullo

**Horario das probas**

Todos os candidatos deberán presentarse media hora antes do inicio das probas en cada competencia clave para seren chamados por orde alfabética.

Competencia clave	Día		Hora
	Nivel 2 Días 2 e 3 de xullo	Nivel 3 Días 9 e 10 de xullo	
Ciencia	Venres tarde		Das 17.00 ás 18.00 horas
Tecnoloxía	Venres tarde		Das 18.30 ás 19.30 horas
Dixital	Venres tarde		Das 20.00 ás 21.00 horas
Matemáticas	Sábado mañá		Das 10.00 ás 11.00 horas
Lingua galega	Sábado mañá		Das 11.30 ás 12.30 horas
Lingua castelá	Sábado mañá		Das 13.00 ás 14.00 horas
Lingua estranxeira	Sábado tarde		Das 17.00 ás 18.00 horas
Sociais (xeografía)	Sábado tarde		Das 18.30 ás 19.30 horas
Sociais (historia)	Sábado tarde		Das 20.00 ás 21.00 horas

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Corrección de erros.-Orde do 7 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en comunidades de montes veciñais en man común e se convocan para o ano 2010.*

Advertidos erros na versión en galego da Orde do 7 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común e se convocan para o ano 2010, publicada no DOG nº 67, do 12 de abril, procede a súa corrección, do seguinte xeito:

a) No artigo 10º.-Execución da subvención, onde di: «Unha vez que os traballos propostos sexan inspeccionados e ratificada a súa viabilidade polo distrito forestal, o beneficiario achegará as fichas Sixpac

correspondentes ás zonas de actuación, segundo o formato que figura no anexo VIII», debe dicir: «Unha vez que os traballos propostos sexan inspeccionados e ratificada a súa viabilidade polo distrito forestal, e en calquera caso despois da aprobación do expediente por parte da Consellería do Medio Rural, o beneficiario achegará as fichas Sixpac correspondentes ás zonas de actuación, segundo o formato que figura no anexo VIII. Este anexo completarase por separado para cada unha das actuacións subvencionadas na resolución de aprobación. En cada anexo especificarase o tipo de actuación que corresponde coas fichas Sixpac».

b) No artigo 13º.-Reintegro, onde di: «e) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na Lei 9/2007 e na lexislación europea», debe dicir: «e) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na Lei 9/2007, no Regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, relativo á subvención ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e no resto da normativa de aplicación».

c) No artigo 19º.-Actividades subvencionables, engádeselle un punto sexto ao artigo co seguinte texto: «6. As adquisicións relacionadas nas alíneas d), e), f) e g) do punto anterior só poderán ser subvencionadas no caso de que o beneficiario realice os traballos por medios propios».

d) Por último, ao longo de todo o texto, onde di: «roza baixo arboredo», debe dicir: «roza en monte arbóreo».

**CONSELLERÍA DO MAR**

*Orde do 13 de abril de 2010 pola que se acorda a cesión en propiedade ao Concello do Vicedo dun guindastre de varada adscrito á Consellería do Mar.*

A Comunidade Autónoma de Galicia é titular dun guindastre de columna mariña instalado e posto en marcha no porto pesqueiro do Vicedo en decembro do ano 1996, cedéuselle en precario o uso á entidade Confraría de Pescadores do Vicedo, para prestar servizo de varadas ao sector pesqueiro do porto.

Recentemente, a confraría de pescadores comunicou a esta consellería a renuncia á cesión en precario do uso deste ben xunto con todos os seus elementos, e foi posteriormente solicitada polo Concello do Vicedo a cesión do citado guindastre.